

A nova formación profesional prepárate para o futuro

Por que falamos de novos títulos?

O proceso de adaptación e cambio como consecuencia da implantación dunha nova lei educativa, a lei orgánica de educación (LOE, Lei 2/2006), conleva, entre outras cousas, modificacións nos currículos dos títulos de Formación Profesional e a creación de novos títulos asociados a catro novas familias profesionais:

- Enerxía e auga.
- Industrias extractivas.
- Seguridade e medio ambiente.
- Artes e artesanías.

Actualizaranse, así mesmo, as denominacións dos títulos actuais e os seus currículos, de acordo cos cambios propostos na nova lexislación.

Que novidades hei atopar o vindeiro curso?

A formación profesional actual ofrece unha base sólida xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. As súas ensinanzas son menos académicas e máis vinculadas ao mundo laboral.

Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, aspecto que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación no traballo.

Así, o alumnado de Formación Profesional realiza actividades formativas nas empresas (Formación en centros de traballo, ou FCT), o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida. Para iso, a nosa comunidade autónoma conta coa colaboración de arredor de 9.000 empresas, nas que unha importante parte do alumnado atopa o seu primeiro emprego.

Coa FCT a formación profesional crece e avanza para adaptarse a unha sociedade que valora cada vez máis as persoas profesionalmente cualificadas.

O vindeiro curso introduciranse modificacións na Formación Profesional que producirán:

- Maior empregabilidade ampliando a duración de todos os ciclos a 2.000 horas para lograr unha maior polivalencia laboral ao tempo que se facilita a especialización en aspectos específicos.
- Maior mobilidade profesional, equiparando a titulación coas do resto dos países da comunidade europea.
- Mellora da inserción laboral dotando aos ciclos formativos do certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico e do carné profesional, cando se requira para exercer a correspondente profesión.
- Acceso a calquera estudo universitario desde calquera ciclo formativo de formación

profesional de grao superior. Ata o momento só se podía acceder a determinadas carreiras, segundo o ciclo formativo de grao superior cursado.

- Validación dos estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios. Segundo o caso validaranse de 60 a 120 ECTS (Sistema Europeo de transferencia de créditos) dos novos títulos universitarios de grao, equivalentes a un ou dous cursos académicos, o que lle ha favorecer a continuación nos estudos universitarios ao alumnado dos ciclos formativos.

Cando se producirán estes cambios?

No curso 2007-2008 implantáronse os seguintes títulos coas novidades xa comentadas:

- Técnico en emerxencias sanitarias.
- Técnico en panadería, repostería e confeitaría.
- Técnico en mecanizado.
- Técnico en cociña e gastronomía.
- Técnico superior en educación infantil.
- Técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

No mes de setembro do 2009 está previsto desenvolver seis novos títulos de grao medio e oito novos títulos de ciclos de grao superior.



Que máis debo saber?

A nova distribución dos grupos profesionais na lei do estatuto básico do empregado público eleva a formación profesional de grao superior á categoría do grupo B, e a formación profesional de grao medio á categoría de C1, equivalente ao bacharelato.

Clasificación profesional do persoal funcionario de carreira		
Grupos	Títulos	
Grupo A subgrupos A1 e A2	Título universitario de grao	
Grupo B	Título de técnico superior	
Grupo C	C1	Título de bacharelato ou técnico
	C2	Título de graduado en ESO